

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a Resolución de concesión dunha subvención, de data 15 de abril de 2019, da Xefa do Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, a través da que se concede unha subvención para a contratación de 1 condutor operador de maquinaria forestal e 3 traballadores forestais a xornada completa por un período de 9 meses para a obra/servizo Conservación Forestal.

Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións co fin de cumprir os obxectivos establecidos na resolución da concesión da devandita subvención, na que o último día para o inicio da obra/servizo denominada Conservación Forestal é o 15 de maio.

Vistas as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de carácter laboral temporal de **1 condutor operador de maquinaria forestal e 3 traballadores forestais a xornada completa** para o Concello de Mondoñedo, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2019.

Vista a Base Quinta na que se establece que rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldesa aprobará, a lista de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión.

Durante un día hábil seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os excluídos poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

En virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos coa especificación, de ser o caso, do motivo da exclusión:

**CANDIDATAS/OS INCLUÍDOS 3 EMPREGOS TRABALLADOR FORESTAL**

APELIDOS E NOME	DNI
1.- BRAÑA EDROSA, ANTONIO	33 308 703 B
2.- FERNÁNDEZ RAMALLAL, JAVIER	33 351 176 A
3.- GARCÍA BASANTA, JOSÉ ÁNGEL	33 322 971 L
4.- GARCÍA OTERO, RAMÓN	76 562 909 A
5.- GÓMEZ RICO, JOSÉ	33 836 268 W
6.- PERNAS ANELLO, ARTURO JAVIER	33 860 517 D
7.- RÍO ARAÚJO, ALMA DEL CARMEN	21 050 013 E

**Segundo.-** Elevar esta listaxe provisional a definitiva, dado que non hai candidatos/as excluídos/as.

**Terceiro.-** Designar como membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: Jesús López Díaz (Funcionario Auxiliar Administrativo)

Secretaria: María Remedios Rego Villalba (Funcionaria Administrativa do Concello)

Vogais:

David Cornide Rivas (Funcionario Policía Local)

María Concepción Crespo González (Funcionaria Auxiliar Administrativo)

Alberto Pérez Cuba (Empregado da Brigada de Obras Municipal)

**Cuarto.-** Convocar aos membros do Tribunal Cualificador o vindeiro luns 13 de maio ás 10.30 h, na Casa do Concello, para a constitución do tribunal e a oportuna baremación de méritos, é ás 11.00 h.



Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo ( Lugo)

no antigo Cemiterio Municipal, situado na Rúa Julia Pardo, s/n, 27740 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.

**Quinto.-** Convocar aos **candidatos/as incluídos/as** para a realización da **fase de oposición** o vindeiro **luns 13 de maio de 2019 ás 11.00 h.** no antigo Cemiterio Municipal, situado na Rúa Julia Pardo, 27740 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.

**Sexto.-** Os candidatas que deberán superar a proba de galego, no caso de superar o exercicio da fase de oposición son os seguintes:

1.- BRAÑA EDROSA, ANTONIO	33 308 703 B
2.- GARCÍA BASANTA, JOSÉ ÁNGEL	33 322 971 L
3.- GARCÍA OTERO, RAMÓN	76 562 909 A
4.- GÓMEZ RICO, JOSÉ	33 836 268 W
5.- PERNAS ANELLO, ARTURO JAVIER	33 860 517 D

**Sétimo.-** Ordenar a publicación da lista nos termos recollidos nesta convocatoria.

Así o ordena e asina a Sra. alcaldesa.  
Mondoñedo, na data de sinatura

A Alcaldesa  
M<sup>a</sup>. Elena Candia López

Ante min,  
o secretario-interventor  
José María Vázquez Pita

(documento asinado dixitalmente a marxe)